

A pílula anticonceptiva combinada

É un método reversíbel e moi seguro que contén hormonas similares ás que se producen nos ovarios: estróxenos e proxestáxenos.

A súa seguridade baséase no seu mecanismo de acción: suprime a ovulación.

Hai moitas e distintas no mercado, dependendo da dose de estróxeno e a dose e tipo de proxestáxeno que leven.

Normas de uso:

- Principiar coa primeira pílula o día primeiro día da regra.
- Convén tomala sempre no mesmo momento do día.
- Tómase unha diaria durante 21 días, e logo descánsase 7 días, total 28 días en cada ciclo.
- Nos días de descanso presentarase un sangrado que simula á menstruación.
- Comézase un novo envase ao día seguinte da pausa, aínda que non rematase o sangrado.
- Cos preparados que teñen 21 comprimidos activos e 7 de placebo (sen hormonas), a toma é continua, sen paradas entre ciclo e ciclo. O sangrado coincide ca toma dos comprimidos placebo.

Situacións especiais		
Situacións	Risco de embarazo	Actuación
Esquecer unha pílula activa.	Non	Cómpre tomala antes das 24 horas de atraso, e seguir coas seguintes como acotío. De todos os xeitos, por esquecer unha soa pílula non hai risco de embarazo.
Esquecer dúas ou máis pílulas activas.	Si	Desbótanse as non tomadas, continuando como sempre coas restantes e usárase preservativo os 7 días seguintes.
Trousos (vómitos) antes de ter pasado 1h. dende a toma.	Si	Tomar outro comprimido dun envase novo cando pase o malestar, coidando de respectar o prazo de 24 horas.
Trousos e/ou diarreas severas (máis de 24 horas).	Si	Suspender a pílula deica ó remate dos trousseos ou diarreas. Usar condón. Para reiniciar a toma, facer como si se comezase por primeira vez.
Toma de medicamentos: anti-convulsionantes, herba de San Xoán.	Si	Informarse, pois estes medicamentos poden diminuír a eficacia da pílula anticonceptiva.